



Miguel Ángel Delgado González
prensa@xornalgalicia.com

Solicitante:	Miguel Ángel Delgado González
Asunto:	Solicitud información pública
Expdte	SAP_016/20

O día 05.04.2020 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, a súa solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno solicitude que quedou rexistrada co número 2020/688408, en síntese é a seguinte:

"Solicitud de información y documentación pública sobre solicitud de donativos mediante campañas de publicidad ..."

Tras o estudo da súa solicitude informámoslle que por parte desta Consellería de Sanidade, nin por parte da Xunta de Galicia solicitáronse donativos nos termos expostos.

De acordo coa letra e) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, inadmitíranse a trámite as solicitudes de acceso a información pública as que teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade da transparencia desta Lei.

En consecuencia, con fundamento no disposto na letra e) do artigo 18.1 da Lei 18/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, inadmítese o acceso á información pública solicitada.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o órgano que xurisdiccional contencioso administrativo segundo os artigos 6 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Santiago de Compostela

O secretario xeral Técnico

Alberto Fuentes Losada
(asinado dixitalmente)

